



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE OUTUBRO DE 2014**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/565/2014.- JESÚS LUÍS FERRO FILGUEIRA.-** Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar con legalización da estrutura existente e demolición parcial da mesma en rúa do Tambre núm. 27.

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

**LIC/1426/2014.- D<sup>a</sup> María del Carmen Garabal Iglesias.- LIC/140/2010 ... 1.500 €.-**

### **2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao informe favorable da ampliación do horario de peche dun establecemento por mor do evento DJ SUMMIT.**

Para o desenvolvemento do evento DJ SUMMIT incluído na programación do WOMEX 2014 acordouse conceder a ampliación do horario de peche da Sala Capitol, na rúa Concepción Areal, para o venres día 24 e o sábado 25 de outubro, fixando o horario de peche nas 4 e 5 da mañá, respectivamente.

### **3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar con legalización de estrutura existente e demolición parcial da mesma en rúa do Tambre, núm. 27.**

Autorízouse a execución dun proxecto para a construción de vivenda unifamiliar na rúa do Tambre, así como a cesión ao Concello dunha superficie de 19 m<sup>2</sup> destinada a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, tal e como dispón a Lei 9/2002 de ordenación urbanística.

### **4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de humanización da rúa de Montero Ríos.**

A actuación vai incidir na humanización da rúa, outorgándolle maior espazo ao cidadán en detrimento do tráfico rodado. Con ese fin ás beirarrúas serán ampliadas ata os 3 metros, eliminando as zonas de aparcamento en superficie e mantendo zonas de carga e descarga que, fóra do seu horario de uso, se poderán incorporar ao espazo peonil.

O orzamento total para a execución do proxecto é de 1,6 millóns de euros (1.599.398 €) e o prazo previsto é de 9 meses.

### **5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de aval da recepción de obras de urbanización do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.**

Acordouse a devolución do aval de recepción das obras de urbanización do SUNP 20 da Amanecida, que foron recibidas en abril de 2012 iniciándose o período de garantía de 1 ano. O aval de 57.567 euros, equivalente ao 5% do valor das obras executada, foi devolto logo dos informes favorables emitidos sobre o estado das obras.

### **6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á Convenio marco de colaboración entre o Concello de Santiago, Enxeneiros e arquitectos Consultores IDOM S.A, Carrocería Castrosúa S.A., Tredes 2010 SL e Televés SA.**

Acordouse o texto dun convenio a subscribir con catro empresas dedicadas ao desenvolvemento de aplicacións de I+D+i, para establecer un marco estable de colaboración dirixido a constituír un banco de probas de proxectos intelixentes (“Smart”) para a súa aplicación no ámbito das actividades e funcións propias da administración municipal.

As empresas coas que se formaliza o convenio son Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM S.A., dedicada a servizos de enxeñería, arquitectura e consultoría; Carrocería Castrosúa S.A., que se ocupa do deseño, fabricación e comercialización de autobuses; Tredess 2010 S.L., do ámbito da videosupervisión e análise intelixente de vídeo; e Televés S.A., orientada aos equipos de infraestrutura e distribución de servizos de telecomunicacións.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a devolución de fianza (LIC/1426/2014)**

Acordouse a devolución dunha fianza por importe de 1.500 para reposición dos servizos urbanísticos no procedemento de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Carballal, parroquia de Vilvestro, logo de comprobar que posúe a licenza de 1ª ocupación e a reposición dos servizos afectados.

#### **8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao expediente das obras incluídas no proxecto básico e de execución de acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil de Angrois**

A Xunta de Goberno aprobou a apertura do procedemento de adxudicación das obras para o acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil de Angrois. A obra sae a licitación por un importe de 82.543 euros, que se repartirán nas anualidades dos anos 2014-2015, e ten un prazo de execución previsto de 3 meses.

As obras inclúen unha zona de equipamentos biosaudables e nese mesmo ámbito instalarase un conxunto de cantería, por un importe superior aos 7.600 euros que vai realizar a Escola de Canteiros de Poio e sufragará a Deputación de Pontevedra.

#### **9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ás obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga"**

Na xunta de Goberno de hoxe tamén se aprobou o inicio do procedemento de licitación do Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga por un importe de 229.722 € e un prazo de seis meses.

#### **10.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á declaración deserta da licitación do contrato deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1).**

Acórdase declarar deserta a licitación para o "deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, atendendo á proposta presentada pola Ponencia Técnica da Comisión Asesora da Cidade Histórica.

#### **11.- Propostas da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativas á aprobación de diversos convenios entre o concello e distintas asociacións de carácter cultural para a concesión de subvencións nominativas.**

Foron aprobados un total de 9 convenios con asociacións ou entidades para a contribuír á realización de actividades culturais. O importe total dos convenios ascende a 28.515 euros, destinados ás seguintes entidades e cos seguintes importes:

- Padroado do Museo do Pobo Galego: 9.180€ (diversas actividades a realizar ao longo de 2014)
- Fundación Compostela Arquitectura: 1.500€ (Programa "Compostelas 14" en S. Martiño Pinario)
- Sala Capitol : 9.000€ (promoción de artistas a través do ciclo de concertos AVIVA 2ª edición)
- Asociación Cultural Francisco Asorey : 2.000€ (Actividades relacionadas co 125 aniversario do escultor Asorey)
- Asociación Cultura Rocha Forte: 2.000€ (Diversas actividades incluídas na súa memoria 2013-2014)
- Asociación Cultural O Galo: 2.000€ (Varias actividades ao longo do ano)
- Asociación do Traxe Galego: 3.825€ (Actividades relacionadas coa difusión do traxe tradicional)
- Fundación Castelao: 300€ (Varias actividades, entre elas, a creación dunha páxina web)
- Asociación Cultural Cidade Vella: 8.190€ (Axuda para gastos do Festival Feito a Man)

**12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa a programa de actividades Womex e Nadal en Compostela 2014.**

Aprobación de solicitude de subvencións á Deputación da Coruña para colaborar nos gastos derivados da programación do certame WOMEX 2014 e no programa de Nadal en Compostela 2014.

**13.- Proposta da concellería delegada da área de Servizos Sociais (Xuventude) relativa á adxudicación do "Servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela" á empresa ESPROADE, S.L.**

A Xunta de Goberno acordou adxudicarlle á empresa Esproade, S.L. o servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela polo período de 1 ano e por un importe de 9.184 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais, relativa á participación do concello de Santiago, no programa "Mobilidade Senior, o Camiño de Todos", campaña de educación viaria promovida polo RACE ( Real Automóbil Club de España).**

O Concello vai colaborar co RACE na organización e desenvolvemento dunha nova campaña informativa de formación en materia de seguridade viaria baixo o lema "Mobilidade senior, o camiño de todos" dirixida preferentemente a persoas maiores de 65 anos que inclúe para a súa realización unha aula móbil e un parque temático que se instalarán na Alameda compostelá a partir do luns 27 de outubro. A campaña levarase a cabo entre o martes e o venres da semana próxima (dos días 28 a 31) en horarios de 10-14 horas e de 15.19 horas, agás o venres que rematará ás 13.30 horas.

**15.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais (Educación) relativa á adxudicación definitiva do "Servizo de conservación, reparación e mantemento dos sistemas de seguridade dos centros escolares dependentes do Concello de Santiago" .**

Acordouse adxudicar este servizo á empresa Sistemas de Seguridade A-1, S.L. por un importe de 23.174 euros. O contrato, que terá unha duración dun ano, permitirá atender a 17 centros escolares que dependen do Concello de Santiago: 13 centros de ensino infantil primario, 3 escola infantís e a Ludoteca de Fontiñas, ademais dun local en Figueiras no que se realizan diferentes actividades do Departamento de Educación.

**16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais polo que se da coñecemento de diversos convenios asinados con entidades/asociacións no ano 2014.**

Por parte da concelleira delegada da área de Servizos Sociais deuse conta da sinatura de 25 convenios con outras tantas asociacións de carácter asistencial por un importe total de 358.400 euros.

**18.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais (Xuventude) relativa á aprobación das bases do 2º certame de "Fotografía co móbil foto con sentimento" e do gasto correspondente.**

**20.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais (Xuventude) relativa á aprobación das bases do 2º certame de "Creación Imaxinart 2014" e do gasto correspondente.**

As bases destes dous certames que celebran a súa 2ª edición, tamén foron aprobadas nesta reunión. O Certame de fotografía co móbil "Foto con sentimento" ten por obxecto promover e premiar a creatividade da mocidade afeccionada á fotografía e potenciar o uso das novas tecnoloxías. Contéplase un premio único para a mellor serie fotográfica por un importe de 275 euros.

No caso de concurso de deseño gráfico "Imaxinart" destínanse a premios un total de 825 euros, repartidos a partes iguais entre as tres distincións para o deseño do logotipo da Concellería, deseño do programa de actividades e o deseño da imaxe do 8º Certame Musicaxove'15.

**19.- Proposta da concelleira delegada de servizos Sociais (Deportes) relativa á aprobación do convenio entre o concello e a Agrupación deportiva EL CORREO GALLEGO para o desenvolvemento da XXXVII carreira pedestre popular de Santiago.**

Aprobouse un convenio de colaboración coa Agrupación Deportiva El Correo Gallego, por importe de 10.000 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a nomeamento de representantes municipais nos Consellos Escolares de centros de educación non universitaria.**

Acordo para o nomeamento de representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros de educación non universitaria de Santiago. A presenza de representantes municipais esténdese a 47 centros, públicos e privados concertados de distintos niveis e especialidades, nos que se alternan membros do Goberno e da oposición.

**22.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á creación de ficheiro que contén datos de carácter persoal (Barrio de S. Pedro).**

Acordo para solicitar ante a Axencia Española de Protección de Datos, conforme ás disposicións de aplicación, a autorización para a creación dun ficheiro automatizado de datos de usuarios rexistrados na páxina web do Barrio de San Pedro, xestionada polo Concello.

Nesa páxina está previsto incluír un apartado dedicado a establecementos e servizos comerciais nese ámbito, no que se poderán inserir anuncios de venda con posibles teléfonos de particulares, razón pola que se precisa esta autorización legal.

**23.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior relativa á subscripción de póliza de seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago**

Aprobouse a apertura do procedemento de contratación para a subscripción dunha póliza de seguro para a cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos que integran o parque móbil do concello de Santiago. O orzamento base para a licitación deste servizo é de 35.000 euros.

**24.- Proposta do concelleiro delegado do servizo de Obras e Proxectos relativa á recepción das obras de "Mellora e ampliación do drenaxe superficial da rúa Pelamios."**

Autorizouse a recepción das obras de "Mellora e ampliación da drenaxe superficial da rúa Pelamios", que foran adxudicadas en decembro de 2013 á empresa Viaqua por un importe de próximo aos 22.000 euros (IVE incl.)

**25.- Dación de conta pola Asesoría Xurídica, da Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, pola que se resollen os recursos especiais en materia de contratación, en relación a licitación do contrato de Servizo de Axuda no Fogar no Municipio de Santiago de Compostela.**

Dazón de conta da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, mediante a que se desestima un recurso especial presentado (polo Grupo Carflor S.L.) á licitación e os pregos de contratación do Servizo de Axuda no Fogar municipal.

**26.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.**

Aprobouse un recoñecemento de créditos para facer fronte a 7 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 4.046 euros.